



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA DO DIA 1/12/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 1/12/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

- 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.
- 3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DISTRIBUCIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DO 1,5 % DA MASA SALARIAL (ARTIGO 23 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 18/2022).
- 4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 20/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, POR IMPORTE DE 10.877,68 €, PARA ASUMIR O INCREMENTO ADICIONAL DO 1,5 % DA MASA SALARIAL.
- 5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO ORDINARIO PARA O EXERCICIO ECONOMICO DE 2023.
- 6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MODIFICADO DO PROXECTO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA FEDERICO AVILA.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- 7º) DAR CONTA DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR D. SANTIAGO INSUA ESMORÍS-RECAMAN.
- 8º) MOCIONS DE GRUPOS POLITICOS
- 9º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.
- 10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 6/10/2022, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún concelleiro, seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 28/09/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde - Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou areas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención estivo vacante.

Considerando que por resolución de 20/05/2022 da Dirección Xeral de Función Pública, pola que se resolveu o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm. 121 do 21/05/2022) adxudicóuselle a Marcos Vázquez Campaña o posto de secretaria - intervención deste concello.

Considerando que o secretario - interventor tomou posesión do seu posto o día 1/06/2022, e ese mesmo día a Dirección Xeral de Admon. Local outórgalle a Marcos Vázquez Campaña unha comisión de servizos para desempeñar o posto de intervención no Concello de Bueu, por un prazo máximo de un ano, prorrogable por outro.

Considerando que con data 2/06/2022 o secretario - interventor asina acta de cese polo pase a situación de comisión de servizos no concello de Bueu, a secretaría intervención deste concello volve estar vacante.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Resultando que, mediante resolución da Dirección Xeral de Admon Local de 3/06/2022, outorgase a Juan Carlos Carril Pérez o nomeamento accidental para o desempeño das funcións de Secretaría - Intervención no Concello de Fisterra, desde o 3/06/2022 e ata a reincorporación do seu titular ou ata a súa cobertura por calquera das modalidades de provisión temporal previstas no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaria – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	NOVEMBRO	DECEMBRO	TOTAL
SOLDO	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €	2.428,78 €
ANTIG	233,70	233,70 €	233,70 €	467,40 €
C.D.	951,46	383,19 €	383,19 €	766,38 €
C.E.	1.912,05 €	552,38 €	552,38 €	1.104,76 €
TOTAL	4.311,60 €	2.383,66 €	2.383,66 €	4.767,32 €

Así as cousas, e tendo en conta que a vacante no posto de secretaria – intervención incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos desta corporación, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello, Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de catro mil setecentos sesenta e sete euros con trinta e dous céntimos (4.767,32 €).

O Pleno da Corporación por seis (6) votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **catro mil setecentos sesenta e sete euros e trinta e dous céntimos** (4.767,32 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaria – intervención non consumidos durante os meses de novembro e decembro de 2022.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DISTRIBUCIÓN DO INCREMENTO ADICIONAL DO 1,5 % DA MASA SALARIAL (ARTIGO 23 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 18/2022).

Visto que o Real Decreto Lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do “Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)”, así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola sexa, establece no artigo 23 o incremento retributivo adicional do 1,5% a favor do persoal ao servizo do sector público para o ano 2022.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o incremento adicional do 1,5% das retribucións dos empregados públicos ao servizo do concello de Fisterra, con efectos de 1 de xaneiro de 2022.

2º) Este incremento aplicarase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2021, de forma que a suma de ambos consolidará, en todo caso, un incremento retributivo global máximo para o exercicio 2022 do 3,5 %.

3º) Este incremento materializarase na nómina do mes de decembro, abonándose como atrasos o incremento correspondente aos meses de xaneiro a novembro deste ano.

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 20/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, POR IMPORTE DE 10.877,68 €, PARA ASUMIR O INCREMENTO ADICIONAL DO 1,5 % DA MASA SALARIAL.

EXPEDIENTE: 2022/T002/000020

Visto que o Real Decreto Lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola sexa, establece no artigo 23 o incremento retributivo adicional do 1,5% a favor do persoal ao servizo do sector público para o ano 2022.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 28/11/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 28/11/2022, emitiuse informe pola secretaría accidental sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 28/11/2022, emitiuse informe pola intervención accidental polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e, coa mesma data, elaborouse o informe de intervención accidental sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 20/2022, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **dez mil oitocentos setenta e sete euros e sesenta e oito céntimos** (10.877,68 €), co seguinte detalle:

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
132	120.03	Soldos grupo C1	21.647,80 €	280,62 €	21.928,42 €
132	121.00	Complemento de Destino	13.481,44 €	173,32 €	13.654,76 €
132	121.01	Complemento Especifico	21.414,68 €	275,32 €	21.690,00 €
132	131.00	Laboral Temporal	22.157,63 €	375,60 €	22.533,23 €
161	130.00	Retribucións Básicas	75.787,75 €	1.032,76 €	76.820,51 €
162.1	131.00	Laboral Temporal	97.564,36 €	1.344,40 €	98.908,76 €
231	131.00	Laboral Temporal	211.292,17 €	2.511,41 €	213.803,58 €
334	131.00	Laboral Temporal	103.148,81 €	1.376,19 €	104.525,00 €
341	131.00	Laboral Temporal	32.582,95 €	418,92 €	33.001,87 €
912	100.00	Organos de Gobierno	78.739,64 €	1.010,49 €	79.750,13 €
920	120.00	Soldo grupo A1	16.071,44 €	211,61 €	16.283,05 €
920	120.04	Soldos grupo C2	9.174,56 €	118,02 €	9.292,58 €
920	120.06	Trienios	5.563,94 €	72,51 €	5.636,45 €
920	121.00	Complemento de Destino	24.737,58 €	240,24 €	24.977,82 €
920	121.01	Complemento Especifico	45.209,36 €	443,60 €	45.652,96 €
920	130.00	Retribucións Básicas	17.550,81 €	225,66 €	17.776,47 €
920	131.00	Persoal Laboral Temporal	56.656,72 €	767,01 €	57.423,73 €
		TOTAL	852.781,64 €	10.877,68 €	863.659,32 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	10.877,68 €
			Total	10.877,68 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO ORDINARIO PARA O EJERCICIO ECONOMICO DE 2023.

Formado o orzamento municipal deste concello correspondente ao exercicio económico 2023, así como, as súas Bases de Execución e o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto que con data 28/11/2022, emitíuse o informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o contido do informe da intervención accidental para a aprobación do orzamento, e o informe de intervención sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, ambos de data 28/11/2022, do que se desprende que a situación é de equilibrio orzamentario e que a porcentaxe de débeda viva deste concello é inferior ao límite de débeda.

Examinada a documentación que o acompaña e de acordo coa mesma, en relación co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Despois dunha serie de intervencións sobre o asunto en cuestión.

- Intervén o voceiro do grupo Popular Sr. José Manuel Traba Fernández, preguntando se non había que convocar a Comisión de Contas previa.

- O secretario accidental Juan Carlos Carril Pérez, contéstalle que non. O que había que convocar sería a Comisión de Facenda, pero non está creada neste concello. A Comisión de Contas solo trata a conta xeral.

- Intervén o Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, manifestando que os nosos orzamentos realmente teñen pouco marxe de manobra, xa vedes que o que fai subir ou baixar os importes son as inversións que temos en Deputación, onde se vai a maior cantidade de diñeiro e no capítulo 1 do persoal.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-- Intervén o voceiro do grupo Popular Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que tiña que haber unha comisión previa para uns puntos en concreto, porque aquí agora, ou se aproba ou non se aproba. Non hai posibilidade de modificar nada.

- Intervén o Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, manifestando que estas cousas é mellor discutilas antes de traelas ao pleno. Se calquera dos grupos manifesta que unha partida concreta debería ser de outra maneira, pois poderíamos estudialo e incluso modificala.

- Intervén o voceiro do grupo Popular Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que nós ímonos abster entendendo que con posterioridade pódense facer modificacións orzamentarias. Antes había unha Comisión de Contas que se facía antes do orzamento que pouco pode variar cando as cousas están tan axustadas.

- Intervén o voceiro do grupo BNG Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que antes os orzamentos aprobábanse co ano vencido, e coincidía coa Comisión de Contas, pero a maior parte do orzamento xa estaba executado

O Pleno da Corporación por seis (6) votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Aprobar inicialmente os orzamentos xerais do Concello de Fisterra para o exercicio económico de 2023, xunto coas súas Bases de Execución, e por un importe que ascende, tanto no seu estado de gastos como no seu estado de ingresos, á cantidade de catro millóns oitocentos vinte e sete mil cento setenta e oito euros e corenta e sete céntimos (4.827.178,47 €), co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS (€)
A) OPERACIONES NON FINANCIERAS		
A.1) OPERACIONES CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	1.395.341,32 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.523.049,99 €
3	GASTOS FINANCIEROS	2.250,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	138.806,07 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	33.811,26 €
A.2) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONS REAIS	1.733.919,83 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
B) OPERACIONES FINANCIERAS		
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
	TOTAL	4.827.178,47 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACION	EUROS (€)
A) OPERACIONES NON FINANCIERAS		

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A.1) OPERACIONS CORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRETOS	910.380,17 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	55.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS	755.206,93 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.830.864,87 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	87.137,32 €
A.2) OPERACIONS DE CAPITAL		
6	ENAXENACIÓNS DE INVERSIÓNS REAIS	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.188.589,18 €
B) OPERACIONS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €
	TOTAL	4.827.178,47 €

2º) Aprobar inicialmente o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento municipal, as Bases de Execución e o plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días (15) hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios do Concello, a fin de que durante ese prazo os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que se consideren pertinentes, ante o Pleno da Corporación.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenta ningunha reclamación.

5º) Remitir copia á Administración do Estado, así como, á administración da Comunidade Autónoma.

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MODIFICADO DO PROXECTO DE MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA FEDERICO AVILA.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que para cumprir cos requirimentos realizados pola Excma. Deputación Provincial, Juan Alfonso Botana Castelo, arquitecto director da obra denominada PROXECTO MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA FEDERICO AVILA DE FISTERRA, presenta un modificado do devandito proxecto, cun orzamento total de 146.296,62 €.

Tendo en conta que esta obra está subvencionada pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, é polo que propoño ao Pleno da Corporación, que aprobe este novo proxecto modificado, coa finalidade de remitirlo á Excma Deputación Provincial.

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, propoñendo que cando se trate dunha situación como esta, onde temos a rúa levantada en canto chegue a comisión de Deputación, se convoque un pleno extraordinario, aínda que non cobremos, para darlle adiante porque esta rúa esta desfeita.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que a pavimentación da rúa non ten nada que ver con esta obra. O proxecto da



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

pavimentación xa está feito e temos solicitados os informes previos, o que pasa é que cando Portos comece coa pavimentación da zona portuaria, que non nos entorpezamos uns aos outros, xa que se Portos tarda moito en comezar nos temos que esperar a que eles rematen para comezar o asfaltados da rúa Federico Avila. A última noticia que teño é que antes de rematar novembro comezaban as obras. Volverei a consultarlle a ver cales son os novos prazos.

Acto seguido, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto modificado de mellora do saneamento na rúa Federico Avila, de data 10/09/2022, realizado polo arquitecto Juan Alfonso Botana Castelo, colexiado 2405, cun orzamento base de licitación total de cento corenta e seis mil douscentos noventa e seis euros e sesenta e dous céntimos (146.296,62 €).

2º) Remitir copia deste acordo á Excema. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e demais efectos.

7º) DAR CONTA DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR D. SANTIAGO INSUA ESMORÍS-RECAMAN.

Visto e escrito presentado co número 2022-000-00002194 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 20/10/2022, por Santiago Insua Esmorís-Recamán, con DNI: 33.282.112-P, no que como concelleiro do grupo Popular expón que por motivos estritamente personais presenta a súa dimisión como concelleiro do partido Popular elixido fai 20 anos (22/10/2022)

Intervén o concelleiro do grupo popular Sr. Santiago Insua Esmorís-Recamán, manifestando que xa son 20 anos de concelleiro, mais da metade no goberno, a ilusión e a saúde xa non son as mesmas e hai que tomar decisións, así que dar gracias ao pobo de Fisterra por confiar na miña persoa, aos compañeiros do grupo Popular, especialmente a Traba, aos compañeiros da corporación, tanto a esta como as outras que foron pasando ao longo de 20 anos, ao persoal do concello de Fisterra e pedir perdón polos erros cometidos.

Intervén o Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, manifestando que como portavoz desta institución non me queda mais que agradecerche o traballo realizado. Visto desde fora non se sabe como é isto da política, sabese cando estas dentro e mais cando tes labouras de goberno. Por iso é de agradecer que haxa xente que se adique a isto, é triste decilo, pero é a realidade, porque realmente pensar nunha sociedade nin xente que se dedique a traballar para todos, teríamos un problema gordo. Aínda que despois nos desprestixien, e desprestixien a vida política.

Eu persoalmente e supoño que a maior parte da xente que sabe de que estamos a falar, temos que valorar positivamente e agradecerlle a xente que nun momento da súa vida se mete na política porque é unha función das mais importantes, e por iso quero agradecercho.

O Pleno da Corporación toma razón e dáse por enterado, acordando, por unanimidade dos asistentes, remitir copia deste acordo á Xunta Electoral Central, a fin de que expida a credencial do concelleiro substituto.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

8º) MOCIONS DE GRUPOS POLITICOS

A) PROPOSTA CONXUNTA DA PLATAFORMA "PEDIATRAS E MATRONAS XA"

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que nós sempre estivemos a favor da moción, e o grupo socialista vai votar a favor.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que eu pido que se lea a moción, porque comentoume a xente na rúa que, aínda que nós coñecemos o contido da moción, a xente non sabe de que estamos a falar.

Acto seguido, o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, procede a ler a moción.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, pedindo que se lle dea a palabra a representante da plataforma para que se explique.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que aínda que non hai petición presentada, mentres non haxa ninguén que se opoña, por nós non hai problema.

Intervén a Sra. Vanesa Viquendi Fernández, pedindo perdón por chegar tarde. Todo o que estamos pedindo é unha foto do panorama sanitario galego. Expóñense cousas nas que hai carencias a nivel local e outras que afectan mais ben a outros concellos. Aquí estamos bastante mal no tema da pediatría; estamos sen pediatra, temos un puericultor. A nivel de médico de familia, este verán había só un médico de familia en lugar de tres.

Quero darvos as grazas a todas as forzas que compoñedes a corporación local polo apoio a esta moción e puntualizar que no pleno anterior, contemplouse que non era urxente por un tema burocrático, agora mesmo para a iniciativa lexislativa popular pediuse unha prórroga e vaise finalizar en febreiro, se se finalizara en decembro era urxente. E importante o apoio de todos os concellos de Galicia, porque en todos os concellos, en maior ou menor medida, hai problemas sanitarios.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que en canto a urxencia, ese mesmo día, o concelleiro saínte dixo que se era urxente, que se convocara un pleno extraordinario e se aprobaba.

Acto seguido, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción co seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gastos e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria á poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o trabalo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade incompatible cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, este concello

ACORDA:

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais sanitarias de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.
- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
- Incrementar o persoal médico, de enfermería, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Todas estas medidas recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de aprobar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen para ter unha Atención Primaria de Calidade“.

B) Proposta conxunto do Grupo PSOE e do grupo BNG en relación coa solicitude do Comité de empresa de XEAL

O Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, procede a ler a moción.

- Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que se trata dunha reivindicación histórica, parece que estamos lendo unha moción que xa foi aprobada noutra momento, o que non quita que a volvamos aprobar, nós estamos totalmente de acordo co que se di na moción e entendemos que a explotación das nosas cuncas, neste caso a do Xallas, debe ter como contrapartida a continuidade das fabricas, e a empresa leva moito tempo intentando separalas e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estalles dicindo que legalmente non o pode facer, polo que hai que conservar os postos de traballo e facer un plan de viabilidade. É verdade que se reduciron bastantes o número de postos de traballos directos, os indirectos, e as substitucións. Ao reducir a actividade, a economía auxiliar arredor da fábrica tamén sofre. O comité de empresa tamén se queixa do incumplimento do convenio e de que as condicións de traballo están perdendo calidade, xa non somos unha zona que teñamos un parque industrial e neste caso temos traballos de calidade, con poder adquisitivo bo, que non podemos permitirmos o luxo de que desaparezan, e se neste momento a parte enerxética é a que ten o poder económico, pois ten que servir para que a parte de ferroaleaxes tamén funcione mellor. Por isto nos imos votar a favor.

- Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel traba Fernández, manifestando que nós ímonos abster. O tema é complicado, son tantos puntos e xa houbera un plan de viabilidade que non fora admitido. Nos queremos que se manteña a actividade, por suposto, xa que non imos sobrados de industria nesta zona, pero aí mesturase a grúa co práctico, e despois de moitas reunións co comité de empresa, co comité de empresa e nunca fun capaz de comprender que é o que está pasando.

- Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que é moi doado de comprender que é o que está pasando aí. Da empresa que había antes e da empresa que hai agora, creo que foi no ano 1992 o primeiro intento de segregación das fábricas. Hai unhas concesións que están claras e teñen que manter os postos de traballo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Dis que non entendes que ten que ver a grúa co práctico, pois sen práctico non entran mercantes e sen grúa non descargan mercantes, se non hai mercantes que podan coller o produto que ten Xeal, e estaslle dando máis pé a que sigan desmantelando todo.

Están desmantelando todo porque teñen un forno acendido, porque queren en Dumbría, e outro forno acendido, porque queren, en Cee, e non o apagan porque alguén se poñerá moi chulo se o apagan, pero van camiño de apagarse, porque lle están permitindo que reduzan os postos de traballo, cando nas concesións xa poñe que non están permitidas as perdas de postos de traballo. Xa non falamos das empresas auxiliares, hai menos xente alí da que había antes, xa non contratan eventualmente a ninguén, pero fixos hai menos dos que había antes.

Nos entendemos que, quen ten que poñerse contra a empresa é a Xunta, porque foi quen lle firmou as concesións do aproveitamento hidrolóxico á empresa, e se teñen intención de pechar as fábricas pois haberá que apretar ou intentar quitarlle as concesións, para que manteñan os postos de traballos.

Non nos podemos perder esa industria aquí, xa que é a única que temos, como dicía o Sr. Alcalde, ben pagada, que tiña un convenio un pouco digno, agora xa o ten menos, e non nos podemos permitir esa empresa, e a Xunta é cómplice de que Xeal estea desmantelando a industria do ferroaleaxe na comarca.

Sería moi bo que esta moción se aprobara por unanimidade, como xa se aprobou noutros concellos onde o grupo popular entenderon moi ben o que lle estaban transmitindo.

Acto seguido, o Pleno da Corporación, por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo popular, acorda aprobar a moción co seguinte contido.

“A empresa XEAL explota recursos naturais de Galiza e da Costa da Morte, beneficiándose de concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de posto de traballo, así como da declaración de utilidade pública para a expropiación de terreos (de maneira forzosa) para a construción das Centrais hidroeléctricas.

As actividades de xeración de enerxía eléctrica e de fabricación de ferroalixes forman unha unidade produtiva única e é unha obriga legal.

Despois dos fallidos intentos de segregación das actividades por parte de Ferroatlántica, non autorizadas e ratificadas polo TSXG, asistimos a un novo intento de segregación encuberto das actividades coa venda entre o grupo Ferroatlántica e o fondo americano Sixth Street Partners e Ithaka e o consentimento ou silencio da Xunta de Galicia (Augas) que este comité viuse na obriga de demandar por vía Penal.

Desde esta venda (agosto de 2019) e constitución da nova sociedade XEAL a realidade é que a empresa nunca presentou un plan de viabilidade e pola contra a situación nas fábricas é do desmantelamento progresivo, un recorte drástico da produción (a día de hoxe só hai un forno en marcha en cada fábrica Cee e Dumbría), dos postos de traballo, cunha perda de máis de 30 postos fixos e aproximadamente 80 eventuais e a practicamente desaparición da industria auxiliar.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A empresa ademais está atacando as condicións laborais nestes centros de traballo, condicións conquistadas historicamente polos traballadores e traballadoras debido ás duras condicións e uns dereitos adquiridos que a empresa pretende arrebatara, non recoñecendo do convenio colectivo propio, tamén recorrido polo comité, que é de xustiza social pola espoliación dos nosos recursos naturais.

A empresa, a pesar da situación descrita pretende agora aumentar a produción eléctrica a través de dúas novas explotacións hidroeléctricas, unha xa solicitada para o aproveitamento do caudal ecolóxicos do encoro de Sta. Uxía, á que este comité de empresa xa presentou alegacións esixindo que se cumpran coas cláusulas concesionais e outra o proxecto de estación reversible de bombeo que a empresa pretende construír no monte da Ruña no Concello de Mazaricos.

O comité de XEAL entendemos, que Augas de Galiza debe esixir á empresa un plan de viabilidade que contemple un incremento do emprego no complexo enerxético-industrial na mesma proporción que o aumento do caudal de auga solicitado para subir a produción de electricidade e deste xeito dar debido cumprimento á cláusula esencial de concesións, que vincula a produción de enerxía á produción de ferroalixes nas fábricas de Cee e Dumbría.

XEAL pretende ampliar para sacar maior tallada do negocio eléctrico, nun momento ademais no que os prezos da enerxía están desbocados sen contrapartida algunha e o peor nun proceso de desmantelamento da actividade industrial e emprego.

Non hai que esquecer que o dereito de explotación das centrais da Costa da Morte ten unha condición esencial – e única no contexto dos aproveitamentos hidráulicos en Galiza-, que é a súa vinculación co mantemento do emprego nas fábricas de Cee e Dumbría. A pesar das pretensións da empresa de deixala sen efecto, cláusula que foi confirmada en dúas ocasións polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenzas do 5 de novembro de 2020 e do 9 de maio de 1996, polo que resulta conforme a dereito, ten carácter esencial e persegue un fin lexítimo de interese público.

Por iso, o comité entendemos que, antes de autorizar o incremento do caudal e/ou un novo proxecto hidroeléctrico, a Xunta debe comprobar que XEAL está cumprindo a cláusula nos termos en que é interpretada polo TSXG; é dicir, debe comprobar que, cando menos, o número de persoas empregadas nas fábricas de Cee e Dumbría e nas centrais non é inferior ao existente no momento de outorgamento da renovación da concesión de aproveitamento do encoro de Santa Uxía.

Non se podería entender que a Xunta, que leva anos ignorando as demandas do comité para intervir ante os ataques da empresa ao emprego e ás condicións laborais, así como as recentes peticións de reunións, lle consinta agora a XEAL seguir engordando os seus beneficios a conta do prezo da luz, mentres destrúe postos de trabalo, recorta a produción e leva as fábricas á ruína.

A isto hai que sumarlle a recente decisión da Xunta de Galicia de deixar sen práctico a ría de Corcubián e trasladar a grúa de Brens.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Xunta ven de recortar á metade os prezos do servizo de practicaxe na Ría de Corcubión o que ten provocado que a licitación quede deserta, deixando o porto de Brens inutilizado para poder descargar a materia prima que necesitan as fábricas e cargar o produto elaborado para súa venda. Por se non fora abondo para rematar con calquera posibilidade de actividade no noso porto, tamén se vai trasladar a grúa de Brens aso Porto Exterior da Coruña.

Esta decisión da Xunta de Galicia supón un duro golpe á continuidade produtiva das fábricas de ferroalixes e ao mantemento dos postos de traballo, pero tamén a propia seguridade marítima xa que sen este servizo nin sequera se podería fondear na Ría no caso de emerxencia e polo tanto toda a Costa da Morte temos que responder con contundencia, ante o intento de desmantelamento dunha infraestrutura pola que tanto se pelexou, e que debería ser de vital importancia para o desenvolvemento económico da comarca, reclamando o dereito a traballar e vivir dignamente na nosa comarca.

A Xunta de Galicia polo tanto, faise cómplice deste desmantelamento con esta decisión de deixar inoperativo o porto e consinte as ilegalidades de XEAL ao non obrigarlle á empresa a cumprir coas cláusulas concesionais.

Por todos estes motivos, este concello acorda:

1º) Instar á Xunta de Galicia e Augas de Galicia que calquera autorización administrativa para novos aproveitamentos hidráulicos para a produción de electricidade (aproveitamento do caudal ecolóxicos do encoro de Santa Uxía e proxecto de estación reversible de bombeo no monte da Ruña) deberá estar condicionado ao cumprimento da lexislación aplicable en vigor (incluída a medioambiental), ao cumprimento e acatamento pola Empresa das cláusulas concesionais de acordo aos termos interpretados recentemente pola sentenza do TSXG do 5 de novembro de 2020.

2º) Instar a administración autonómica e empresa á presentación dun plano Industrial e de Viabilidade das fabricas, tendo en conta que as actividades de xeración de enerxía eléctrica e de fabricación de ferroalixes forman unha unidade produtiva única, así como o restablecemento e fixación dun número mínimo de plantilla en relación o nivel de emprego existente no ano 2019, e da aplicación do convenio colectivo de Xeal Cee Dumbría Centrais Hidroeléctricas actualizado.

3º) Instar a todas as partes afectadas a apertura dunha negociación: Xunta de Galicia, Empresa, Concellos e Comité de Empresa a fin de darlle aprobación ao sinalado no apartado anterior.

4º) Instar á Xunta de Galicia e Ente Público Portos de Galicia a restablecer de maneira inmediata o servizo de practicaxe na Ría de Corcubión e revocar a decisión do traslado da Grúa do Porto de Brens“.

C) Moción do grupo BNG polo remate da autovía da Costa da Morte, a mellora do transporte público, eliminación das peaxes, mellora da rede de telecomunicacións e implantación dun ferrocarril de proximidade para a conquista dunha vida digna e sen desigualdades na comarca da costa da morte.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira da lectura da moción co seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tivo que ser un desastre como o do Prestige, hai exactamente 20 anos, o que conseguiu poñer no mapa e nas pantallas da televisión a Costa da Morte, un territorio da periferia ao que se podía acceder por estreitas estradas con fochancas, ou mediante un transporte público en bus que che paseaba en zigzag durante horas dende ás cidades da provincia.

O Prestige, convertido nunha creba de ouro, dou orixe a aquel famoso programa Plan de Dinamización Económica de Galicia, bautizado polo Partido Popular como “Plan Galicia” que prometía actuacións nos sectores afectados, centrandose na pesca e o marisqueo, fortalecemento da pesca de baixura, potenciación da industria da transformación, potenciación da acuicultura e saneamento das Rías Baixas e Turismo.

Tamén contemplaba unha serie de actuacións específicas para as nosas comarcas as cales sufrimos a catástrofe dun xeito directo, medidas de carácter horizontal en infraestruturas, propoñendo infraestruturas de comunicación (autovías e estradas comarcais e locais), infraestruturas eléctricas e gasísticas, a creación de solo industrial e novos portos, medidas para formación e o fomento do emprego e medidas de carácter sectorial para o turismo, artesanía e comercio.

Un plan aprobado no ano 2003 para unha comarca coma a nosa, que naquel entón contaba con 51.431 habitantes, onde o 21.6% da poboación era maior de 65 anos. A taxa de crecemento vexetativo é negativa dende os anos 80 e a renda familiar dispoñible é inferior á media galega.

A día de hoxe, a poboación maior de 65 anos aumentou ate o 31,93%, despois de perder case dez mil habitantes nos últimos 20 anos.

CONCELLOS	POBOACIÓN NO ANO 2003	MAIORES DE 65 ANOS NO 2003	POBOACIÓN NO ANO 2021	MAIORES DE 65 ANOS NO 2021
CAMARIÑAS	6.597	1.355	5.224	1.604
CARNOTA	5.421	1.487	3.854	1.625
CEE	7.308	1.410	7.568	1.995
CORCUBIÓN	1.997	382	1.606	432
DUMBRÍA	4.307	899	2.927	981
FISTERRA	5.141	843	4.714	1.258
MUXÍA	6.029	1.404	4.564	1.549
VIMIANZO	8.653	1.893	6.925	2.364



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ZAS	5.978	1.455	4.384	1.529
TOTAL	51.431	11.128	41.766	13.337

No ano 2003, a comarca contaba cunha autovía Carballo-Coruña, AG-55, de 32,6 Km., inaugurada no ano 1997 e concesionada ata o ano 2045 e que mantén hoxe as peaxes de cobro polo tránsito nela, cantidades que aumentaron ata case o 100% dende o seu inicio (2,60 € en total, polos tramos Coruña- Arteixo 0,55 €, Arteixo-Carballo 2,05 €).

No ano 2003, contabamos cun hospital comarcal, tamén inaugurado no ano 1997, pero funcionando dende 1998 con servizo de urxencias e de medicina interna, que evitaba o desprazamento de máis de 100 Km. á Coruña e unha morte segura nalgunhas urxencias, que si atoparon moitos outros veciños e veciñas tempo atrás.

A posta en marcha do “Plan Galicia” impulsou un leve investimento na Costa da Morte, medidas e programas que aínda hoxe, despois de case 20 anos, non se viron executadas, como o remate da autovía ata Fisterra (investimento previsto de 600 millóns de euros), que debería rematar cun enlace ata o peirao de Brens. Esta infraestrutura quedou a medio facer, paralizada en Baio e sen nin sequera rematar o tramo ata Berdoias. Un legado do señor Feijoo e do PP, que goberna dende o ano 2009 a Xunta de Galiza, e que nos afasta do famoso Porto Exterior en Punta Langosteira, a gran obra do famoso plan que revolucionaría o desenvolvemento económico do País, e que se desinchou co engano dos famosos contratos coa mexicana PEMEX, anunciados a bombo e prato polo señor Núñez Feijoo.

Amplíouse o peirao de Brens (cunha nova explanada de 33.702 m²), obra que rematou no ano 2012, facilitando o atraque de buques de maior lonxitude e calado, e que buscaba o incremento da actividade portuaria (de Ferroatlántica e de novos tránsitos) e o aumento da actividade turística coa chegada de cruceiros. O resultado está á vista, diminución da actividade nos fornos de XEAL, e turistas en modo anagrama. 14,5 millóns de euros investidos que reciben máis golpes de mar que barcos e que fai viable a pesca de calamares en superficie.

Porto no que a día de hoxe se sigue tentando desmantelar servizos como o caso do servizo de practicaxe que fará imposible o atraque de buques neste peirao.

A raíz deste plan tamén crearonse varios polígonos industriais na comarca. En Cee, a través da Sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico” (SEA, S.L.) creouse unha superficie de solo industrial de 228.000 m² (41 parcelas), cun investimento de case 4 millóns de euros. As obras foron iniciadas no 2008 e entrou en funcionamento no ano 2013. A mesma sociedade estatal creou o polígono industrial de Vimianzo, que dispón dunha superficie de 330.000 m² (108 parcelas) cun custe de case 6 millóns de euros. As obras iniciáronse no ano 2007 e remataron no ano seguinte. Ata o día de hoxe, en Cee, só se venderon 12 parcelas, de 41 e en Vimianzo, 15 parcelas de 108. En definitiva, 10 millóns de euros investidos para que o gando siga encargándose do mantemento de xardinería.

En canto o turismo creouse un parador turístico en Muxía, zona cero do desastre medioambiental xunto a Carnota e Camariñas (as grandes esquecidas porque alí non gobernaba o Partido Popular), o único na Costa da Morte, en punta Lourido. Púxose a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

primeira pedra no ano 2011, pero a maioría das obras se executaron realmente entre o ano 2016 e 2019, inaugurándose este no ano 2020. O investimento foi de 25 millóns de euros, e leva camiño de ser a única medida que conseguiu alcanzar o seu obxectivo, aínda que 20 anos despois do seu anuncio.

Da alta velocidade, o famoso AVE, que aínda non dou chegado realmente a Compostela quedando apeado en Ourense, mellor non falar. A comarca adoce de infraestrutura ferroviaria, nin tan sequera un camiño de ferro de proximidade. Tan só nos queda a lembranza dun proxecto do ferrocarril da costa (Coruña-Carballo-Corubián) presentado ao ministro de fomento no ano 1921 e aprobado polo goberno no ano 1925. O resultado, frustrado no 36, está á vista de todos.

No ano 2011 comezaron as obras no lugar de Ruibo, en Cee, dunha base de helicópteros de Salvamento Marítimo, e que entrou a funcionar no ano 2012, e cuxo investimento ascendeu a 1,8 millóns de euros. O helicóptero, o Helimer 203, que costou 13 millóns de euros só estivo operativo en Lires ata 2014. A base segue a esperar a que o helicóptero faga o camiño dende Santiago ata Fisterra, igual noutro ano xacobeo.

O famoso plan acuícola do 2008, que evitou instalar a piscifactoría en Touriñán, pretendía ampliar e construír instalacións por toda a Costa da Morte.

O repateo de pescanova, acabou levando ese proxecto de cría de rodaballo para Mira, en Portugal, e os 800 postos de traballo prometidos aos veciños muxiáns, convertéronse en 170 postos portugueses, nun vira vira de abrir e pechar os ollos. Hoxe a empresa está en mans dun "fondo boitre", Oxy Capital, que logrou rescatala do concurso que case leva ao peche á factoría e reconstruíndo un novo emisario que se desprende hai anos. Un feito de mentiras e promesas que, por sorte, non se acabaron materializando.

No ano 2003, tan só había no tecido industrial de arredor de 1.800 empresas rexistradas, 5 empresas con máis de 50 traballadores, e 53 de entre 10 e 49 traballadores, entre elas Ferroatlántica, o propio hospital, algún concello e empresas do sector da acuicultura e conserva.

Todos estes investimentos e as promesas incumpridas, non foron suficientes para cambiar a situación do panorama desolador que temos na Costa da Morte, que segue a ter un crecemento vexetativo negativo, que perdeu case 10.000 habitantes, que aumentou un 10% a poboación maior de 65 anos, e que conta cunha Renda media dispoñible bruta por habitante de 12.307 €, moi por abaixo da media galega establecida en 15.863 €, e con só 7 empresas que superan os 50 traballadores e ca guinda de verse relegada dos grandes investimentos industriais dos fondos NEXT GENERATION.

A situación das telecomunicacións é tan lamentable, que seguimos cunha porcentaxe de cobertura de fibra óptica ínfima, que non da cuberto nin tan sequera os núcleos principais de poboación, xa non digamos os núcleos rurais que tanto queren potenciar dende a Xunta de Galiza, cos seus famosos slogans das campañas para evitar o despoboamento "vivir no rural" dicían. O Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración do Estado e o plan de banda larga 2020 da Xunta, que pretendían dotar de banda ancha de alta velocidade e maior calidade, non dan solucionado a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

fenda dixital existente en toda a comarca, aumentando a periferia que xa temos de seu. Unha situación que nos deixa atrás na estratexia Galicia dixital 2030 pretendida polo goberno galego. A isto hai que sumarlle os prezos das operadoras que instalaron a rede de fibra, que teñen o monopolio do mercado, e ofertan uns prezos moito máis caro que nas zonas urbanas, onde existe máis competencia. Nos poucos onde existe fibra óptica, despois de tantos anos de espera, pagámola a prezo de ouro.

O Plan de Transporte Público de Galicia que concreta a rede de transporte público de Galicia da competencia da Xunta de Galicia e que se aprobou a través da Lei 10/2016, non fixo máis que reducir e menoscabar as conexións de transporte na comarca. Tendo en conta a necesidade de moitos veciños e veciñas de acudir diariamente ao Hospital comarcal en Cee, non se deseñaron rutas específicas para cubrir diariamente as conexións con todas as localidades que abrangue o centro de saúde.

Elimináronse ducias de paradas e conexións nos núcleos rurais de toda a comarca, deixándoos illados de transporte público, encomendando o servizo baixo a demanda dos propios usuarios, ou relegándoos a utilizar o transporte escolar, en horarios intempestivos e incompatibles no día a día dunha persoa. É tal o labirinto enmarañado de horarios existente na paxina www.bus.gal, ao que calquera veciño pode acceder, que acabas antes de entender, indo andando ao teu destino. Un despropósito que desmantela os servizos públicos de transporte, que non melloran a redución de tempos nas conexións directas coas urbes, e que implica o uso particular de transporte entre as localidades da comarca, nun contexto no que a UE e o Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico pretenden reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e a utilización de enerxías derivadas de combustibles fósiles e potenciar o aforro enerxético.

Esta Xunta, que pretende facer da Costa da Morte, “un espazo turístico de calidade”, desatende as liñas de transporte que fornecen de turismo a nosa costa.

Por outra banda, a comarca segue sen ter un estudo de implantación dun ferrocarril de proximidade, que sirva para cohesionar o noso territorio, que o conecte coas grandes urbes e a rede estatal de ferrocarril, e sobre todo que se dote de capacidade para poder facer realidade o transporte de mercancías, conectando os polígonos industriais da comarca co porto de Punta Langosteira, en Arteixo. Así mesmo, dado o crecemento da actividade turística xerada arredor do camiño Xacobeo a Fisterra, é preciso estudar a viabilidade de conectar a comarca coa capital de Galiza, tamén a través dun ferrocarril de proximidade. Precisamos dunha infraestrutura ferroviaria que nos saque do atraso centenario ao que nos ten sometido os diferentes gobernos ao longo dos últimos cen anos. Non pode haber futuro nin desenvolvemento comarcal, se non nos dotamos das ferramentas necesarias para incentivar o investimento industrial e o progreso do turismo, que ademais de proporcionar o aumento da calidade de vida na veciñanza, fixa poboación no rural, e iso pasa pola creación de camiños de ferro na bisbarra.

En definitiva, que os veciños e veciñas da costa da morte seguimos vilipendiados polos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado Español, nun contexto no que o goberno do Estado xa dou os primeiros pasos para implantar un modelo de pago polo uso das autovías de alta capacidade. Non temos a autovía da Costa da Morte finalizada, e xa están cobrando peaxe antes de tela rematada. Vivir no rural, e en concreto nos nosos concellos sae moi caro, porque a pesares de termos as rendas



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

medias máis baixas da Galiza, de pagar os mesmos impostos que o resto de contribuíntes galegos e de ter menos investimento en infraestrutura e comunicacións que o resto de Galiza, temos que pagar un incremento por ter os mesmos servizos. Calquera veciño ou veciña que teña que desprazarse ao hospital de Coruña ou de Santiago de Compostela, por non contar con ditos servizos no Hospital comarcal de Cee, debe pagar o transporte ata aló, altos custes de combustible, peaxes na autovía e nalgúns casos, custes de mantención, sobre todo se utilizas o transporte público, pois cos horarios existentes é inviable ir e volver no mesmo día para xantar na casa.

Facer trámites vía on-line, resulta en moitos casos imposible, dado a velocidade irrisoria existente, derivada de conexións vía satelital por falta de implantación de fibra na comarca. A ninguén se lle escapa que tamén vemos menoscabada a nosa posibilidade de competir en igualdade de condicións nun mercado cada vez máis globalizado, incluso competir na obtención de servizos. Cabe destacar o desenvolvemento do programa impulsado polo departamento de turismo da Xunta de Galiza, que ofreceu nos últimos anos Bonos de desconto do 40% para fomentar a actividade turística e favorecer a desestacionalización nos cidadáns galegos. Resultou sorprende que a convocatoria abría o prazo de solicitudes nun día determinado a partir das 12 da noite, e outorgando os bonos segundo orde rigorosa de solicitudes. En menos de cinco minutos repartiron os bonos, que de seguro foron para os que teñen conexións de rede de alta velocidade, impedindo que miles de veciños da costa da Morte, poidan acceder a ditos bonos solicitándoos desde as súas propias casas. Esta é outra das peaxes que pagamos por vivir no rural.

Por todo o exposto, precisamos e demandamos o apoio de todos os concelleiros e concelleiras da Costa da Morte, para exixirle ao goberno da Xunta de Galiza no marco das súas competencias, as seguintes reivindicacións:

- 1- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA O REMATE DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE E A CONEXIÓN DA MESMA AO PORTO DE BRENDS, TAL E CO SE PROXECTOU INICIALMENTE E AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIMIANZO.
- 2- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A ELIMINACIÓN DAS PEAXES EXISTENTES NA AUTOVÍA CARBALLO-A CORUÑA EN TODOS OS SEUS TRAMOS.
- 3- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA UN PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO REAL, CUNHA NOVA PLANIFICACIÓN DAS CONEXIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO PARA A COSTA DA MORTE, QUE MELLORE EN RUTAS E TEMPOS E AMPLÍE AS PARADAS AOS NÚCLEOS RURAIS DA COMARCA.
- 4- INSTAR Á XUNTA DE GALIZA A INICIAR XA OS ESTUDOS DE VIABILIDADE DUN SERVIZO FERROVIARIO DE PROXIMIDADE PARA A COSTA DA MORTE.
- 5- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA O IMPULSO E EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DAS TELECOMUNICACIÓNS E DE DIXITALIZACIÓN NA COMARCA, ACELERANDO A FINALIZACIÓN DUNHA REDE DE FIBRA ÓPTICA QUE CHEGUE A TODO O RURAL.
- 6- DAR CONTA DESTE ACORDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO DA XUNTA E A TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DO PARLAMENTO DE GALIZA“.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando, primeiro, acórdaste do Plan Galicia da señora Magdalena Alvarez?. E segundo, que o rei das fochancas de Fisterra, o señor concelleiro de obras, co polideportivo a punto de voar, as promesas do mercado cultural fantástico, e co pobo todo levantado e que veñan aquí, a soltarnos un mitin dunha hora, e ter que aguantar esto. E que queres que votemos aí? Como te atreves co pobo cheo de fochancas, como están as aldeas e que veñas aquí a soltarnos un mitin da autopista e do tren, veña home.

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que vamos a ir por partes, porque isto é moi complicado. Para comezar, teño que dicir que este tipo de mocións, un día imos votalas en contra, pero simplemente porque non teñen sentido, unha moción onde misturas tantas cousas, onde cada punto desta moción merece unha discusión en profundidade, con coñecemento. Entón, que nos vamos a poñer aquí a discutir punto por punto, as posibilidades que hai sobre cada unha das cousas, e que é imposible, xa postos podías pedir algunha cousa mais, non?

Pero bueno, por dicir algo, o remate da autovía da costa da morte, eu nestas mocións non vexo outra cousas que un afán de protagonismo, non lle encontro outro sentido. Non sei cantos anos levamos os grupos políticos pelexando por rematar esta puñetera autovía, e aproveito a recordarche que o planeamento desta autovía fíxose cun presidente socialista e cunha conselleira socialista. E aínda mais, podía comezar por outro sitio esta autovía da Costa da Morte, e resulta que comeza polo anaco que vai de Cee ata Fisterra, e probablemente se non se comezara por aí, probablemente non se fixera nunca. Entón, vir agora a dicirle ao partido socialista, que o bloque é o defensor de que se remate a autovía da Costa da Morte, pois que queres que che diga, pois non me gusta. Pero vouche dicir que si, nós manifestámonos moitas veces por isto, nos orzamentos da Xunta deste ano, fixemos alegacións para que se metera mais capital, que é outra forma de facelo, sen afán de protagonismo, dicindo as cousas onde hai que dicilas e facendo as cousas onde hai que facelas.

Nos levamos pelexando moito tempo coa mellora do transporte público en Galicia. Non fai moito tempo, tivemos unha reunión de alcaldes socialistas onde fíemos unha serie de peticións para que a Fegamp lle pasara á Xunta de Galicia.

A eliminación das peaxes é unha medida que imos catalogala de populista, porque é o típico. Estamos en contra de que todo sexa gratis? Os servizos públicos temos que pagalos. Eu podo estar de acordo en que ao mellor a maioría das peaxes que se están pagando son excesivas, ao mellor habería que mirar se o que nos están cobrando por ir a Coruña é unha barbaridade e ao mellor tiña que ter outro prezo, ou ao mellor habería que quitala, pero é discutible, temos que profundizar e facer uns estudos económicos do coste de mantemento que ten esa autopista e chegar a unha conclusión, antes de tomar unha decisión. Evidentemente, se ti dis que hai que eliminala e eu digo que non, vaiche votar todo dios a ti, iso está garantido, pero hai que ser serios con estas cousas. Se queremos ter cousas, hai que pagalas, o que hai é que pagar na súa xusta medida e ao mellor aquí, resulta que non hai que pagala.

Mellorar a rede de telecomunicacións, é evidente que hai que melloralas, aquí en Fisterra, aínda que mellorou bastante, na miña casa non hai fibra como en moitos outros sitios.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Un ferrocarril de proximidade na Costa da Morte. Pois non sei, porque desde 1921 ata hoxe non se fixo nada. Pode ser unha medida boa? Home é cuestión de estudar, ao mellor antes de facer o ferrocarril, cando se remate a autovía se é que se remata algún día ata Cee co ramal do porto de Brens, que debería ser o que lle da mais mobilidade para transporte de mercancías, xa que se tes un porto como ese e tes unha actividade grande, cruzar Cee todos os días con trailers, non é a mellor medida. Ao mellor aí podería entrar o ferrocarril, pero é unha medida tan importante e tan impactante porque todas as obras publicas teñen un impacto medioambiental, e a veces tes que elixir, se tes unha autovía que vai de norte a sur e paralelamente queremos facerlle un tren, pois vai ser outra puñalada á terra.

A min a moción, con toda a boa intención do mundo, xa que evidentemente temos que mellorar as condicións de vida onde nos vivimos e que estou de acordo, e que en moitas situacións estamos discriminados, pois paréceme realmente case, case, un panfleto. Creo que é pouco seria, trata demasiados puntos, cos que en xeral estou de acordo pero con matices, nós podemos aprobala pola intención de mellorar a vida dos nosos cidadáns, pero eu penso que as mocións teñen que ser, primeiro, concisas e tratar punto por punto, porque para facer unha moción, hai que facer un estudio e ti ves co traballo feito, entón agora nos temos que desgranar punto por punto e ver que cousas son interesante e cales non, e darche unha contestación con fundamento, co que é imposible. Nós imos votar a favor pola intención de mellorar a vida na costa da morte, e as nosas condicións levaríamos a ter o que se denomina unha discriminación positiva en moitos aspectos e aí e onde deberíamos tratar o da gratuidade da autovía.

Eu penso que é mellor que deixes de traer cousas así e traías cousas que sexamos capaces de dixerir e que podamos discutilas, por exemplo antes de que meter un ferrocarril, probablemente habería que mellorar as comunicacións con Santiago, ao mellor á autovía, alí en Berdoias habería que facerlle un ramal para ir a Santiago, e desa maneira o aeroporto de Santiago estivera mais cerca nosa, iso sería moi interesante para nós, e incluso que o AVE cando chegue a Santiago, pois se temos esa liña de conexión, pois é interesante chegar rápido a Santiago porque tamén chegas rápido de Santiago aquí.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que isto é o noso traballo político, nós somos un partido diferente a vos, e xa o di o titulo da moción polo remate da autovía da Costa da Morte, a mellora do transporte público a eliminación das peaxes, a mellora das redes de telecomunicacións, a implantación dun ferrocarril de proximidade para a conquista dunha vida digna e sen desigualdades na comarca da costa da morte, poñendo todo isto, como non imos falar de todo isto.

Esta non é unha moción que nola manda a nacional isto é unha moción que a traballamos desde a comarca. Para nós unha autovía ten que ser gratuíta, porque unha autovía non ten que ser rendable, senón que ten que ser eficiente, que para iso se fai cos cartos de todos. E na de Coruña a Carballo, non ven ningunha empresa a facela como Audasa fixo no seu día a AP9, que fixo unha autopista e agora déixasma 20 anos e sácolle cartos. A autovía de Carballo a Coruña fixérona con cartos públicos, primeiro foi gratis e despois comezaron a implantar unha peaxe, por iso pedimos a eliminación da peaxe, porque entendemos que o Estado cando son do estado ou a Xunta cando son da Xunta, ou acaso os concellos ímoslle a cobrar porque nos andan polas nosas estradas, para que deixe de haber fochancas? Queredes cobrarlle aos



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

que pasen polas nosas estradas para que deixe de haber fochancas. E remato xa, a moción esta clara e fala de bastantes cousas.

Acto seguido, o Pleno da Corporación por seis votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) votos en contra do grupo popular, acorda:

1º) Demandar á Xunta de Galicia o remate da autovía da Costa da Morte e a conexión da mesma ao Porto de Brens, tal e como se proxectou inicialmente e ao Polígono Industrial de Vimianzo.

2º) Demandar á Xunta de Galicia a eliminación das peaxes existentes na autovía Carballo – A Coruña, en todos os seus tramos.

3º) Demandar á Xunta de Galicia un Plan de Transporte Público real, cunha nova planificación das conexións de transporte público para a Costa da Morte, que mellore en rutas e tempos e amplíe as paradas aos núcleos rurais da comarca.

4º) Instar á Xunta de Galicia a iniciar xa os estudos de viabilidade dun servizo ferroviario de proximidade para a Costa da Morte.

5º) Demandar á Xunta de Galicia o impulso de execución dun Plan de Mellora das Telecomunicacións e de Dixitalización na comarca, acelerando a finalización dunha rede de fibra óptica que chegue a todo o rural.

6º) Dar conta deste acordo ao Presidente do goberno da Xunta e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia".

9º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2022/G003/00000482 de 4/10/2022 ata a número 2022/G003/00000555 de 28/11/2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ao turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Ningún membro da corporación pide a palabra, polo que se pasa a tratar o último punto da orde do día.

10º) ROGOS E PREGUNTAS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular. Estas son pregunta reiteradas, a primeira, é sobre o polideportivo, pois en novembro íbamos saber algo.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que íbamos saber algo se a Deputación daba os pasos que tiña que dar. A día de hoxe, a Deputación pídennos un informe favorable do Camiño de Santiago que aínda non nos chegou, pedímolos en xullo e é o único que nos falta. Obríganche a pedilo e non deberían tardar tanto en mandalo, xa que non imos facer nada novo, imos restauralo. Chamaremos a ver como está o expediente, para facer o convenio e licitar esta obra.

- Sr. José Manuel Traba Fernández, voceiro do grupo popular. O paseo marítimo de Sardiñeiro perde bastante area, na zona do parque quedou unha parte no aire.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que xa vos dixen que temos un proxecto feito para meter agora no POS. Inclúe a rúa que chega, arranxar o anaco do paseo e ampliar a baranda ata a zona do río, pero agora imos revisalo antes de poñelo no POS.

- Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, voceiro do grupo BG manifesta que ten un ROGO para que se tome nota, xa que no anterior pleno cometeuse unha irregularidade a hora de votar a moción de pediatras e matroas pola urxencia. Ti dixestes que a urxencia tiñas que decidila ti e tiñas que argumentala ti, e non é así Pepe, se queres leoche o que di o artigo 91.4 do Real Decreto polo que se aproba o ROF das entidades locais, polo que pido que non se volvan cometer inxustizas deste tipo no pleno, porque que non as sepa o bloque está ben, pero que teñades vos eses fallos xa é un pouco mais preocupante, e que a partir de agora o regulamento que se colla como se ten que coller.

- O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, contesta que a palabra inxustiza está fora de lugar, porque xa o estudiares e en todo caso, podemos equivocarnos, cando nos equivocamos non cometemos inxustizas. Cometemos inxustizas cando facemos algo a sabendas, pero non é o caso. Así que de inxustizas nada, porque non houbo intención de cometela. En todo caso, está demostrado e demostrouse hoxe, que non era urxente, entón se non era urxente e acaba de votarse hoxe e está aprobada, cal é o problema?.

O voceiro do grupo BNG, Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que se hai unha moción de urxencia, que non volva pasar. Eu xustifiquei a urxencia no seu día. Outra cousa é que vos entendades que a miña xustificación non é válida para xustificar a urxencia e votades en contra da urxencia da moción. Ese é o procedemento.

O Alcalde-Presidente Sr. José Marcote Suárez, contesta que unha cousa é o que di o regulamento, que nese caso podes ter razón, e outra cousa é que me digas que a moción tiña urxencia, porque non a tiña pois acabámola de aprobar agora. Ademais, como se che ocorre pedir que non volva pasar. Pensas que cando eu lea iso, e se me dou conta que cometín un erro, que vai volver pasar? Dubidas de min?

Intervén a concelleira do grupo BNG, Sra. Teresa Fernández Martínez, do grupo BNG, manifestando que eu no pleno anterior dixen que noutras sesións houbera outras mocións que foron por urxencia e votouse a urxencia aquí.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que eu dixen que a moción era urxente por varios motivos, e un deles era que non sabiamos que a ILP se iba prolongar, e outro motivo era que non quería que outra representante de pediatras e matroas, por motivos laborais, tiveran que asistir ao pleno doutra sesión.

O Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que ninguén lle obriga a esta señora a estar aquí hoxe, se ela quere estar aquí hoxe, perfecto; a min gústame que estea aquí e gustárame, incluso, que houbera mais xente, que viñera mais xente aos plenos, pero non ten ningunha obriga de estar aquí para aprobar esta moción, e incluso deixámola falar sen problema ningún, se xa estábamos de acordo. Por iso que non había ningún motivo, entón se non hai motivo, para que imos dicir que é urxente unha cousa que non o é.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde - Presidente, levanta a sesión sendo as 21:10 horas, do que, como secretario - accidental, dou fe.